



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### NORMAS DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DESTINADAS A

#### XIMNASIO- CERDEDO

##### QUEN PODE SER USUARIO:

- O uso das instalacións municipais adicadas a ximnasio só poderán ser usadas por maiores de 18 anos.
- Se algún menor precisara deste servizo, deberá xustificalo ante o concello e no momento de acudir ás instalacións deberá ser acompañado do pai/nai ou titor legal, quen deberá permanecer co menor durante todo o tempo que estea no ximnasio.

##### TARIFAS DO USO DAS INSTALACIÓNS DO XIMNASIO MUNICIPAL EN CERDEDO:

- Cuota: 15 €/mes para empadroados (25 euros/mes para non empadroados). Non se fraccionará a cuota.
- Ademais no momento da solicitude terase que entregar 30€ en concepto de fianza, que serán devoltos cando o usuario notifique a súa baixa e o Concello comprobe que se fixo un uso adecuado das instalacións.

##### METODOLOXÍA DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS:

- O acceso ás instalacións será a través dun teclado numérico instalado na porta principal.
- Cada usuario disporá dun código **persoal e intransferible**, en caso de que se detecte que non é usado polo solicitante o concello automaticamente desactivarao; este código facilítase ao usuario coa inscrición inicial no servizo (o pago da cuota mensual habilitará o acceso ás instalacións durante o mes natural correspondente).
- As instalacións permanecerán abertas entre as 8:00 horas e as 22:00 horas de luns a sábado.
- O acceso ás instalacións queda limitado a unha vez ao día a cada usuario.
- O tempo máximo diario de utilización das instalacións será de 90 minutos.
- O interior da instalación estará videovixiado.
- A utilización simultánea das instalacións queda limitada a 8 usuarios.
- Utilizar roupa e calzado deportivo.
- Por hixiene deberase levar unha toalla para colocala encima das máquinas ou aparatos dos que se faga uso.
- Non está permitido comer, nin utilizar envases de vidro, nin acceder ás instalacións con animais de compañía.
- Ao rematar de usar elementos de peso libre (barras, discos....) estes deberán de ser colocados de novo no seu lugar.
- Establecerase un tempo máximo de 20 minutos por máquina pasado o cal, deberá cederselle a máquina a persoa que esté esperando.
- Deberase manter limpas as instalacións.
- O ximnasio cerrará ás 22:00 horas e o último deberá preocuparse de que queden todas as luces apagadas.

***O non cumprimento das normas fará que o concello poderá desactivar o código de acceso ao usuario previo aviso.***